

## **O Asociacionismo e o Viveiro de empresas, ideas clave na xornada de hoxe.**

- Unha opción para dar saída as túas ideas, o asociacionismo
- Viveiro de empresas, unha forma de darlle un empurrón a túa empresa

Coristanco, 25 de abril de 2014

Aproveitando a celebración do II foro da Formación e a Empresa no FORUM CARBALLO, os mozos de “Aval Xóvenes” puideron asistir participar en diferentes seminarios, conferencias e obradoiros que dende este espazo se estiveron realizando os días 24 e 25 de abril. Este segunda edición do foro é unha guía de recursos sobre a formación encamiñada ao mercado laboral, con unha ampla oferta de cursos, novas especialidades laborais, apoio a empresas e emprendedores, etc. O obxectivo principal é que as xornadas sirvan para intercambiar experiencias entre o mundo da formación e o mercado laboral.

Entre as distintas actividades que se realizaron ao longo da xornada do venres, nas que mais interese mostraron os participantes de “Aval Xóvenes” foron a sesión sobre asociacionismo impartida pola Asociación de Xóvenes Empresarios de Bergantiños (AXOBER) e a sesión impartida pola Cámara de comercio de Santiago de Compostela expoñendo as posibilidades e facilidades que dende o viveiro de empresas se ofrecen.

Ademais, de maneira libre os rapaces puideron achegarse ata a feira de formación profesional que se estaba a realizar no mesmo espazo, que contou con numerosos stands informativos de centros de formación profesional, universidades e administracións.